



CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf: 981 740 001
Fax: 981 740 677

P-6/2020

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACION O DÍA 01/10/2020, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

ASISTENTES Alcalde-Presidente

José Marcote Suárez
(PSdeG - PSOE)

Concelleiros
Partido Popular (PP)
José Manuel Traba Fernández
Santiago Insua Esmorís-Recamán
Daniel Juan Benlloch Rivas
Jenifer Suárez Silva
Leonor Castrege Fernández

Partido dos Socialistas Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG - PSOE)

Soledad Vilela Romero
María Rocío Mariño López
Alexandre Domínguez Lado

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Xan Carlos Sar Oliveira
Teresa Fernández Martínez

Secretario

José Ramón Lema Fuentes

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador Acta da sesión anterior.
- 2º.- Aprobación, se procede, da Adhesión ao PEL-REACTIVA: Fondo de Financiamento para a Reactivación Económica e Social da Provincia de A Coruña.
- 3º.- Aprobación, se procede, da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa plo Estacionamento de Vehículos de Tracción Mecánica nos espazos municipais destinados a ese fin.
- 4º.- Resolucions ditadas pola Alcaldía, para coñecemento.-
- 5º.- Rogos e Preguntas.

Na Vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión sendo ás 20:35 horas, do día 1/10/2020, reúnense no Salón de Sesións da casa do concello baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebrar a Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación en primeira convocatoria, coa seguinte:

1º.- Aprobación, se procede, borrador Acta da sesión anterior.

-Sometida a votación a do día 15 de Setembro de 2020 é aprobada por unanimidade dos asistentes coas seguintes observacións efectuadas polo Sr. Traba Fernández do grupo popular:

-No punto 2º falta redactar na acta que “O Grupo Popular expresa o seu rexeitamento a estes orzamentos por non terse convocado unha comisión de Contas ao efecto de confrontar as cantidades destinadas a cada capítulo e non ter que vir discutir no Pleno a xustificación de cada unha das partidas, que entendemos non están axustadas á realidade cando xa pasaron tres cuartas partes do exercicio, pois este presuposto vai entrar en vigor xa a finais do mes de outubro”

-No punto 3º falta redactar dentro da votación do mesmo que “O Grupo Popular abstense por tratarse de asuntos de xestión administrativa “

-No punto 4º redactar que O Grupo Popular expresa o seu rexeitamento a esta moción toda vez o grupo de goberno non nos sabe informar da ratio alumnos/aula dos 3 centros públicos para os que existe un protocolo co que se pode estar ou non de acordo pero que é igual para todo o mundo, non coma neste Concello, onde o goberno municipal saíu nos medios facendo propaganda do protocolo que tiñan para as praias, incluso con persoal contratado, e non había máis que ver como nin se controlaban accesos, nin grupos, nin distancias, etc, aparte que hai anos que non estaban tan porcas.

-No punto 5º e 6º no momento da votación debe decir “O Pleno da Corporación por Seis votos a favor (4 PSdG-PSOE e 2 BNG) e sen a participación dos concelleiros do grupo popular por entender que debería terse pedido outro O (SUBSTITUIR OUTRO POR O) Informe Xurídico á Excma Deputación, dado que o único existente no expediente administrativo é o emitido pola Avogada Gloria Zuñiga Rial de data 3 de Agosto de 2020 que se pode considerar como de parte, acorda Aprobar ..

2º.- Aprobación, se procede, da Adhesión ao PEL-REACTIVA: Fondo de Financiamento para a Reactivación Económica e Social da Provincia de A Coruña.-

Á vista da Resolución da Presidencia Provincial 2020/23462 de 31 de Xullo modificada pola 2020/24109 de 7 de Agosto de 2020 do citado PEL publicada no Boletín Oficial da Provincia 128 de 12 Agosto 2020 e dada conta da Resolución de data 30 Setembro 2020 pola que se considera cumprimentado o trámite da autorización da Xunta de Galicia para o exercicio legal da competencia establecida no Marco do Artigo 7.4 da Lei de Bases de Rexime Local para a Deputación da Coruña e os Concellos que soliciten a súa adhesión ao PEL-REACTIVA: Fondo de financiamento para a reactivación económica e social desta Provincia,

O Pleno da Corporación Municipal por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Solicitar da Excmá Deputación Provincial, a ADHESIÓN deste Concello ao PEL-REACTIVA: Fondo de Financiamento para a Reactivación Económica e Social da Provincia de A Coruña, dacordo coas contias, obrigas e compromisos nel establecidas.

2) Compromiso desta Corporación de complementar a achega provincial cun 20% con cargo aos Presupostos propios, de conformidade coas normas reguladoras do citado PEL-REACTIVA e co límite establecido no Anexo I Módulos que se han de financiar e que o Concello dispón de financiamento dabondo para cubrir a achega municipal do 20%.

3) Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente, para que no nome e representación desta Corporación, proceda a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para levar a cabo dito acordo.

3º.- Aprobación, se procede, da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa polo Estacionamento de Vehículos de Tracción Mecánica nos espazos municipais destinados a ese fin.-

Dada conta do seu contido :

Artigo 1º.- NATUREZA e FUNDAMENTO.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, este Concellos establece a Taxa polo estacionamento de vehículos de tracción mecánica nos espazos públicos municipais destinados a ese fin, á que se refire o art. 20.3 u) da Lei 39/88, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, ditada en desenvolvemento do previsto no artigo 58 da Lei 39/88 citada (e na Ordenanza Xeral de circulación e utilización da vía pública do Concello de Fisterra).

Artigo 2º.- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible a utilización privativa do dominio público local constituído polos espazos de estacionamento na superficie delimitados para o

estacionamento de vehículos de tracción mecánica, (dacordo coa normativa desenvolva pola Ordenanza Xeral de Circulación e uso da vía pública do Concello de Fisterra)

Artigo 3º.- SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o art. 33 da Lei 230/1963, de 20 de decembro, xeral tributaria, que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local constituído polos espazos de aparcamento en superficie delimitados para o estacionamento de vehículos de tracción mecánica, (dacordo coa normativa desenvolva pola Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública no Concello de Fisterra).

Artigo 4º.- COTA TRIBUTARIA

A contía da taxa é a que segue:

Tarifa por estacionamento:

1) Tarifa xeral.- Será a tarifa a aplicar segundo o tipo de vehículo e será indicada no cadro seguinte:

Autobuses	15 euros
Minibuses e microbuses	10 Euros
Autocaravanas e furgonetas	5 Euros
Turismos	2 Euros

A tarifa xeral é única e permitirá un tempo de estacionamento máximo de 4 horas.

2) Con tarxeta especial frecuencia

Este tipo de tarxeta será expedida polo Concello, anualmente, a aqueles vehículos con frecuencia de estacionamento alta, que así o soliciten. Esta tarxeta será prepago, e suporá unha redución do prezo sobre a tarifa xeral segundo a táboa seguinte:

Tarxeta para 90 días	Redución 25%
Tarxeta para 180 ou máis días	Redución 50%

Estas tarifas poderán ser modificadas mediante acordo da Xunta de Goberno.

3) Zona reservada residentes

As zonas reservadas para residentes serán aquelas que o Concello delimite coa correspondente sinalización.

Terán a condición de residentes aquelas persoas que cumpran os requisitos do apartado c do epígrafe 2, punto 1 da disposición adicional 1ª da Ordenanza Xeral Municipal de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial do Concello de Fisterra.

O procedemento para a obtención da tarxeta de residente, será o reflectido no epígrafe 4 da disposición adicional 1ª da Ordenanza Xeral referida no parágrafo anterior.

A taxa a pagar para a obtención da tarxeta de residente será de 200 euros anuais por cada espazo de reserva. O pago efectuarase no momento de expedición da tarxeta.

Artigo 5º. EXENCIÓN DO PAGO

Estarán exentos de pago do estacionamento, aqueles vehículos autorizados polo Concello, previa solicitude aprobada en Xunta de Goberno. Aos vehículos autorizados expediráselles á tarxeta identificativ correspondente, que colocarán en lugar visible dende o exterior, no parabrisas dianteiro. Os vehículos autorizados, estacionarán en zonas delimitadas para eles cando así o determine o Concello.

Artigo 6º.- RETRIBUCIÓN

A taxa retribuirase no momento en que se realice o estacionamento do vehículo.

Artigo 7º.- NORMAS DE XESTIÓN

O pago realizarase no momento de obter o correspondente boleto no lugar indicado polo Concello. O dito boleto acreditativo do pago deberá exhibirse no parabrisas dianteiro do vehículo e dende un lugar visible dende o exterior.

Artigo 8. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En materia de infracción e sancións serán aplicables os artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

INTERVENCIONS

Sr. Traba Fernández do grupo popular

Dicir que non existe un criterio que determine como xustificar a exención do pago das taxas previstas na Ordenanza fiscal reguladora e ademais dise que é a Xunta de Goberno local quen decidirá sobre ditas exencións; considero que o contido debe estar máis pulido e aclarado.-

Alcalde

A exención prevista refírese para todos aqueles vehículos que pola necesidade de prestar servizos polas súas actividades teñan que estacionar temporalmente para levar a cabo os mesmos na zona do Faro de Fisterra.

O contido da Ordenanza que se presenta, foi copiada doutros Concellos.

Sr. Insua Esmorís-Recamán do grupo popular

Dicir que é curioso que se diga que vai resolver as exencións a Xunta de Goberno Local.

¿Sabemos cal e a forma de recaudar no Concello de onde se copiou o contido da Ordenanza? ¿Esta taxa vai dirixida ás zonas de dominio público?

Alcalde

Si

Sr. Benloch Rivas do grupo popular

O Parque da zona da Igrexa ¿é propiedade do Concello?

Alcalde

Non, pero no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Fisterra aparece destinado a aparcamentos.-

Sr. Traba Fernández do grupo popular

Se o parque non é do Concello, será necesario expropiar os terreos co correspondente expediente e audiencia aos interesados.

Sr. Sar Oliveira do grupo BNG

Vemos perfecta a Ordenanza reguladora desta Taxa, porque xa era hora de que se poideran regular estes servizos e recadar por este motivo.

Unha vez examinada e transcurrido o prazo de dez días hábiles do seu anuncio na páxina web do Concello (1 ò 19/09/2020) os efectos do previsto no Artigo 133.1 da lei 39/2015 de 1 de Outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

Visto o Informe de Valoración sobre as zonas de dominio público efectuado polo Arquitecto que presta servizos no Departamento de Urbanismo que consta en el expediente, o Pleno por Seis votos a favor (4 PSdG.PSOE e 2 BNG) e Cinco en contra dos Concelleiros do grupo popular, facendose constar polo seu portavoz que “ O facemos neste sentido porque non están claros os criterios de exención de

pago da taxa previstos na Ordenanza, xa que deberían estar mellor regulados e non ser arbitrarios”, acorda :

1) Aprobar a Ordenanza fiscal reguladora da Taxa polo Estacionamento de Vehiculos de Tracción Mecánica nos espazos municipais destinados a ese fin.

2) Expoñer ao público o expediente a efectos de posibles reclamacións por espazo de Trinta días hábiles (30) contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Anuncios electrónico do Concello, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentarse reclamacións, debéndose publicar o seu texto íntegro no citado Boletín.-

4º.- Resolúcións ditadas pola Alcaldía, para coñecemento.

Dáse conta das seguintes:

-Altas, Baixas e Cambios de Domicilio dentro do Padrón Municipal de Habitantes.

- Aprobación certificación úniva pavimentación viario en Mar de Fóra cara ao Sur.

-Concesión de vacacións en favor de María Arenas Rivera López durante o período comprendido entre 1 ao 16 de outubro como Auxiliar de Axuda no Fogar.

- Vacacións en favor do persoal contratado en servizos de prevención Covid 19.

Nome e apelidos	Período
Darío Gómez Valdomar	29 de outubro ao 4 de novembro
Alexandra Lago Lago	29 de outubro ao 4 de novembro
Santiago Álvarez Outes	29 de outubro ao 4 de novembro

- Aprobación certificación Única obra denominada “Mellora do Camiño de Escaselas á Praia de Rosto Fase II” por un importe de Vinte e sete mil catrocentos euros (27.400 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

- Contratación de Rafael Riveiro Domínguez como operario de servizos múltiples ante a necesidade de substitución de Juan Carlos Lagoa López.

- Solicitud de subvención para proxectos de enerxía fotovoltaica 2020-2021 por un importe de Trinta mil novecentos dezasete euros con noventa e dous céntimos (30.917,92 €).

- Concesión de vacacións en favor de Miguel Angel Olveira Traba durante o período comprendido entreo 22 de setembro ao 13 de outubro de 2020.

- Denegación de días por asuntos particulares solicitados por María Arenas Rivera López durante o período comprendido entre os días 29, 30 e 31 de decembro de 2020.
- Resolución de inicio de procedementos sancionadores de Tráfico.
- Contratación a nome de Fátima Trillo Fidalgo como auxiliar de axuda no fogar durante o período 22 de setembro ao momento de alta da traballadora M^a Dolores Pérez Martínez
- Concesión de servizo de axuda a domicilio de libre concorrência a nome de Carolina Domínguez Vaamonde durante 5 horas semanais.
- Concesión de servizo de axuda a domicilio a favor de Manuel Cao Vázquez durante 5 horas semanais.
- Vacacións en favor de Manuel Liñeiro Senlle durante o período comprendido entre o 29 de setembro ao 9 de outubro.
- Concesión de días en favor de M^a Arenas Rivera López durante os días 19, 20 e 21 de outubro de 2020.
- Concesión de vacacións en favor do persoal contratado eventualmente para a Campaña limpeza en praias.

Tania Martínez Carril	13 ao 19 de outubro (ambos incluídos)
Manuel Oliveira López	13 ao 19 de outubro (ambos incluídos)
Juan Modesto Díaz Lado	13 ao 19 de outubro (ambos incluídos)
José Santiago Papín Rivas	13 ao 19 de outubro (ambos incluídos)
Sandra Marcote Traba	13 ao 19 de outubro (ambos incluídos)
Juan Ángel Crespo Marcote	13 ao 19 de outubro (ambos incluídos)
Clara M^a Amado Sánchez	13 ao 19 de outubro (ambos incluídos)
M^a del Carmen Fernández Oviedo	13 ao 19 de outubro (ambos incluídos)

- Adxudicación de servizos de limpeza medidas contra o Covid19 en favor da Empresa JOSÉ GERMÁN LEMA AMIGO.
- Contratación de Lucinda Espasandín Martínez ante a substitución de Cristina Escarís Quintáns.
- Vacacións en favor de José Francisco Traba López como peón durante o período comprendido entre o 23 de outubro ao 4 de novembro (ambos incluídos).
- Vacacións en favor de Victoriano Domínguez Caamaño como peón durante o período comprendido entre o 23 de outubro ao 4 de novembro (ambos incluídos).

O Pleno dáse por enterado

Antes do punto de Rogos e Preguntas

O Sr. Alcalde formula proposta de integración na Orde do día da MOCIÓN do PSG-PSOE (Rexistro de Entrada 1784 de data 29/09/2020) en relación ao sobrecoste dos gastos de limpeza e desinfección dos centros educativos de titularidade autonómica para os Concellos

Unha vez aceptada por unanimidade dos asistentes, dáse conta do seu contido:

“Nas instrucións aprobadas polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde Pública (DOG nº 174 bis, de data 28/08/2020), e na actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao Protocolo de data 22 de xullo, de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensinanza non universitaria de Galicia (versión do documento a 31/08/2020), no que atinxe ás medidas xerais de limpeza e desinfección dos sinalados centros educativos de titularidade autonómica, impóñense unha serie de obrigas mínimas, que serán reflectidas nos Protocolos que deben de aprobarse por cada centro educativo, pasando deste xeito a formar parte do chamado Plan de adaptación á Situación COVID-19, no curso escolar 2020/2021”.

O obxecto do sinalado Protocolo é crear un entorno escolar saudable e seguro, atopándonos en consecuencias ante medidas de carácter sanitario e tamén de carácter educativo.

Tras numerosas queixas e dúbidas trasladadas á Deputación Provincial de A Coruña por moitos alcaldes e alcaldesas, e co obxectivo de aclarar se os traballos de limpeza e desinfección dos centros educativos de titularidade autonómica corresponde á Administración Autonómica ou aos Concellos polo Presidente da Deputación encargouse ao servizo da Asesoría Xurídica do ente provincial a elaboración dun informe. Pois ben, este informe conclúe que a competencia de limpeza e desinfección dos colexios para cumprir cos protocolos de prevención do COVID-19, correspóndelle á Xunta de Galicia. Do sinalado informe, en síntese derívase o seguinte:

Ao respecto das medidas sanitarias “a competencia sanitaria está regulada, na actualidade na lei 8/2008, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia, cuxo artigo 48 non deixa lugar a dúbida cando establece que, entres as prestacións de saúde pública, atópase a prevención e control das enfermidades transmisibles (apartado d). “Dado que o propio documento que contén as instrucións da Xunta , reflicte que, ditas medidas de limpeza e desinfección teñen como finalidade , precisamente a prevención e control dunha enfermidade transmisible, a infección respiratoria causada polo SARS- COV- 2 estamos ante unha medida de saúde pública, que debe ser debidamente implantada pola administración sanitaria competente, que, neste caso, é claro é a Autonómica.”

Ademais, é de resaltar que, “nin a normativa de ámbito local, ni na Lei de Saúde de Galicia (art 80), atribúen competencia algunha en materia de sanidade a favor das entidades locais, en relación á implantación e execución das medidas que, no ámbito de saúde pública, se adopten pola CCAA”.

E conclúe o informe que “o control sanitario atribuído aos concellos, atendendo á literalidade da norma autonómica, debe encadrarse nunha mera función de vixilancia do territorio do municipio e da súa poboación, ao tratarse da administración de maior proximidade pero en ningún modo este control pode implicar a adopción de medidas específicas, que van máis alá dunha limpeza ordinaria.”

No que atinxe ao ámbito educativo, razoa o informe xurídico, a normativa vixente opera a transferencia de competencias na devandita materia, a favor da CCAA de Galicia.

Ao abeiro da regulación contida na Lei Orgánica de Educación e na Lei das Bases do Réxime Local, o deber de conservación de centros de educación infantil, primaria e especial corresponderá só aos concellos, cando estes ostenten a titularidade deses centros, correspondendo ditas funcións á administración autonómica, nos centros de titularidade autonómica.

Agora ben, no caso de que “o lexislador autonómico optara, no exercicio das súas competencias, por ampliar as competencias das corporacións locais, respecto á conservación e mantemento dos centros escolares - coa inherente carga financeira que esta ampliación levaría consigo - a CCAA deberá pola disposición das entidades locais, a correspondente provisión de medios económicos, materiais, e persoais para o exercicio das mesmas, de conformidade co artigo 7 e 27 da LBRL”

En definitiva, non pode máis que concluírse que “en ningún modo pode encomendarse ás entidades locais novas funcións e responsabilidades na conservación e mantemento dos centros escolares, independentemente da titularidade dos mesmos, sen a correspondente consignación orzamentaria para sufragar ditos gastos, e sen a correspondente delegación de tal competencia, pois o contrario supón unha vulneración da autonomía local constitucionalmente garantida, así como unha infracción da normativa básica estatal, en materia de educación e de regulación das bases das entidades locais”.

Por outra banda, cabe recordar, que a Xunta de Galicia foi perceptora de case 93 millóns de euros por parte do Estado, precisamente para adaptar os centros educativos á situación actual de pandemia, cando na realidade son os propios Concellos os que están a soportar o importante sobrecoste que o exercicio dunha competencia que non lles corresponde lles está a ocasionar.

Concretamente, no caso do noso Concello, vímosnos na obriga de ampliar o contrato de empresa de limpeza dos centros educativos, para poder facer fronte

ás labores extraordinarias de limpeza e desinfección, en colaboración directa co persoal directivo dos centros. Todo isto está a supoñer un sobrecusto mensual de 1400 euros con cargo ao noso propio orzamento.

Polo exposto, o Grupo Municipal Socialista solicita ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

1. Instar á Xunta de Galicia a cumprir coas súas obrigas e responsabilidades no ámbito sanitario e educativo, dispoñendo dos medios materiais e persoais e dos recursos económicos, que sexan precisos para garantir que a volta á clase e ao curso académico poida desenvolverse de maneira presencial, segura e con calidade.
2. No caso de que a Xunta de Galicia decida encomendar as entidades locais novas funcións e responsabilidades en materia de conservación e mantemento dos centros educativos, proceda a delegación formal das mesmas e realice a correspondente consignación presupostaria para sufragar tales gastos.
3. Instar á Xunta de Galicia a que proceda á compensación dos sobrecustes que os concellos están a soportar como consecuencia dos gastos de limpeza e desinfección dos centros educativos.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que se trata de solicitar da Xunta de Galicia o pago dos gastos de desinfección de todos os Colexios Públicos de Fisterra co motivo da pandemia do COVID-19, sobre todo tendo en conta que xa foron adxudicados os servizos de limpeza a una Empresa que vai percibir mensualmente a cantidade de Mil trescentos noventa e tres euros e noventa e dous céntimos (1.393,92 €) e contamos co Informe Xurídico emitido pola Excma Deputación Provincial, ademais de que non se sabe cando vai rematar a mesma.

Seguidamente o Pleno da Corporación por Seis votos a favor (4 PSdG-PSOE e 2 BNG) e Cinco Abstencións dos concelleiros do grupo popular, acorda aprobala na súa totalidade.

5º.- Rogos e Preguntas.

Sr. Traba Fernández do grupo popular

¿Cando se nos dará conta dos gastos producidos co motivo do Festival Blues?

Coa autorización do Sr. Alcalde, o Sr. Secretario - Interventor contestalle que actualmente foron presentadas as Facturas relativas á Empresa Adxudicataria da organización, Alugueros, Escenarios e Musicos e unha vez feita a Conta xustificativa de gastos e sexa aprobada, se lle dará traslado da mesma.

A Subvención concedida pola Excmá Deputación Provincial ascende a cantidade de Vinte e seis mil cinco centos corenta e nove euros e oitenta e dous céntimos (26.549, 82 €) sendo necesario xustificar a de Trinta e oito mil catro centos setenta e oito euros (38.478,00 €) para percibir a súa totalidade, o que sobrepase será con cargo o Concello sempre que exista consignación orzamentaria.

Sr. Benlloch Rivas do grupo popular

¿Pódese saber porque no Informe valorativo efectuado polo Arquitecto do Departamento de urbanismo se utiliza unha tabla da páxina do Idealista?

Alcalde

Isto terá que contestarse polo Técnico informante e darase conta da pregunta formulada.

Fora da Orde do día, Declarado de urxencia por unanimidade dos asistentes,

Á vista do requerimento efectuado pola Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia de data 24 de Setembro de 2020, o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Propoñer á citada Consellería, o sinalamento como festas de carácter retribuído e non recuperable neste Termo Municipal para o vindeiro ano 2021 os dous días seguintes:

Luns de Pascua
8 de setembro

2) Remitir certificación deste acordo ó citado Organismo dentro do prazo establecido.-

E non tendo máis asuntos de que tratar o **Alcalde-Presidente remata a sesión, ás 21:30 horas do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.**